




BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xaneiro 2023 • Nº 274



CALENDARIO 2023!

■ **LEMBRA...** Cada casa de Vedra debe recibir un calendario municipal, se non é así podes achegarte polo Concello ou chama ao 981 814 612 para solicitalo.

EN XANEIRO REMATAN AS XUNTANZAS DO ALCALDE COA VECIÑANZA

DATA	LUGAR	HORARIO
Martes 10	Local Social de Merín	Ás 20:30 h.
Xoves 12	Local Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 h.
Martes 17	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 h.



Unha das xuntanzas do alcalde coa veciñanza.

XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

TRIBUTACIÓN

■ **BONIFICACIÓN IBI 50%** durante 3 anos **POR INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES.**

O Pleno do Concello de Vedra do 30 de novembro de 2022, a iniciativa do PSdG e co apoio unánime do resto da corporación (PP e BNG), aprobou na ordenanza do IBI unha bonificación do 50% do imposto aos inmobles de uso residencial, que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol para autoconsumo, durante os tres anos seguintes á data de instalación e sempre que se cumpran unha serie de requisitos técnicos e xurídicos alí establecidos.

Toda a información no Departamento de Xestión Tributaria. Podes facer a túa consulta a través do teléfono 981 814 612.

CORTA DE MADEIRA

■ Recordámoslle a toda a veciñanza que as únicas declaracións/autorizacións de corta de madeira que se poden tramitar no Concello de Vedra son aquelas que se realicen en solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable. As cortas realizadas en solo forestal ou agrícola deberán tramitarse na sede electrónica da Xunta (modelo MR604R para declaración e MR604N para autorizacións) ou ben chamando ao 012.

No caso de necesitar axuda para coñecer o tipo de solo ou se existe algunha afección (Patrimonio, Augas, etc) poden contactar co Concello indicando a referencia catastral da parcela afectada.



Última campaña de compostaxe coa colaboración de Sogama.



Unha das sesións das charlas informativas sobre a Nova Lei de Residuos impartidas en diferentes puntos do Concello.



Xornada de achegamento á administración electrónica en Vedra, por parte da subdelegación do goberno.



Merenda de confraternidade de Nadal e Fin de Ano na Terceira Idade.



V Gala de Nadal de patinaxe un Óscar polo Nadal coa participación entre outras das escolas de patinaxe de Vedra.



Actuación de Os Fabulosos Cleaners.



Entrega de premios do Concurso de Tarxetas de Nadal.



Festival de Corais en Vedra.



Foi... na Estación Cultural



Actuación da Requinta da Laxeira na Estación Cultural.



Actuación de A Gaita de Sarandón na Estación Cultural.



Actuación de Porembela na Estación Cultural.



Actuación do Mago Noel na Estación Cultural.



Actuación dos da Porfía na Estación Cultural.



Feira de Artesanía na Estación Cultural.



Mesa de experiencias sobre tradicións locais. Podcast na Estación Cultural.



Unha das pezas realizadas polos Campiños da Asoc. San Campio na Estación Cultural de Decembro.



Entrega de premios no Campionato de Brisca no Centro Social.



Obradoiro de igualdade Xabón para Mulleres proposto polo programa Mulleres +, da Área de Muller do Concello de Vedra.



Conmemoración do 25N en Vedra.



Obradoiro de sexualidade organizado pola Área de Igualdade de Vedra

ASÍ FORON AS INICIATIVAS ASOCIATIVAS



Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Festival de Nadal da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla.



VIII Trofeo de Nadal de Judo no pavillón municipal de Vedra.



Stage con Carmen Solana.

VEDRA NOMEA UNHA TRAVESÍA NA PARROQUIA DE ILLOBRE COMO HOMENAXE A DON ARTURO CAJARAVILLE GÓMEZ, XUIZ DE PAZ DURANTE CASE 40 ANOS E TODA UNHA INSTITUCIÓN

■ De forma unánime as forzas políticas e sociais do concello homenaxearon a DON ARTURO CAJARAVILLE GÓMEZ, que dende xa conta cunha travesía co seu nome.

A intervención dunha das súas fillas en representación



da familia foi o momento máis emotivo no que chegaron os agradecementos e recordos de toda unha vida adicada aos demais. O acto reuniu o presente e pasado da vida política vedresa así como, por suposto, a familia do homenaxeado.



Cultura

CONCERTO POLA PAZ DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA

- Domingo 29 de xaneiro ás 12:00 h.
- Campo da Festa de San Xián de Sales

(En caso de choiva será na Casa de Cultura da Cruxa).

A ESTACIÓN CULTURAL: SEGUINTE PARADA OS 21 E 22 DE XANEIRO!!

■ Este mes adicado á creación cultural!!! Bótalle un ollo á programación e anímate a pasarte pola estación!!

E LEMBRA!! SE ERES CREADOR OU CREADORA (en calquera disciplina artística, literaria,... ou empresarial)

E SE QUERES PARTICIPAR NUNHA MOSTRA COLECTIVA PARA VISIBILIZAR O TEU QUEFACER, PONTE EN CONTACTO CON NÓS!

Escríbenos a estacioncultural@concellodevedra.gal

Cultura na Nave



CREACIÓN

XANEIRO

Sábado 21 ♦

18:30 hs

Apertura exposición: [Creadores/as de Vedra](#)

19:30 hs

MESA DE EXPERIENCIAS SOBRE CREADORES/AS LOCAIS: [Programa de radio](#)

20:30 hs

CONCERTOS:

Charanga BB+ | OKeOH | Pauliña

Domingo 22 ♦

17:00 hs

Obradoiros creativos para a cativada

Streaming entre creadores/as de [Vedra](#) e creadores/as da [Sociedad Parroquial de Vedra en Bos Aires](#).

18:00 hs

Proxección das curtametraxes gañadoras das catro edicións do Lav. Mov. [Asociación Senunpeso](#)

18:30 hs

Proxección do documental "O Gran Camiño" [Meteórica Cine](#)

Máis información en: concellodevedra.gal
Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla - Vedra



XII RUTA CICLOTURISTA BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

■ O Concello de Vedra en colaboración con Ribadoulla organiza a XII ruta cicloturista BTT da Camelia polo Val do Ulla o vindeiro 5 de marzo.

Deportistas e afeccionados/as ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta BTT, que se celebra arredor da programación da camelia e percorrer as paraxes verdosas ao tempo que practican o seu deporte favorito.

Contarase con dous percorridos, unha ruta curta de 33 Km. e unha ruta longa de 65 Km., partirá da pista de rodadura de Vedra ás 09:00 h. da mañá e estará aberta á participación de persoas adultas e maiores de 16 anos con autorización.

Apertura de inscricións a partir do 1 de xaneiro na páxina web de Galitiming.



SENDEIRISMO

■ Ruta dende Corme ata As Grelas o sábado 21 de xaneiro.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada en Breixo as 7:45 horas.
- Parada Hipercor: 7:55 horas.
- Diante oficina do BNG (antigua Estación de Buses) ás 8:00 horas.



Xuventude

INTERCAMBIO EUROPEO

INTERCAMBIO EUROPEO

en POLONIA (Murzasichle)

do 11 ao 18
febreiro 2023



Se téis entre os
18 e 26 anos
anímate a participar!
Gastos cubertos

+ información:
981814695/91
cultura@concellodevedra.gal



Concello de Vedra

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL NO MEDIO RURAL

Uve de Voluntariado; uve de Vedra; uve de Valores; uve de Valía

■ Este programa de voluntariado pioneiro vaise levar a cabo na realidade do Concello de Vedra e está dirixido a xoves de 16 a 35 anos e persoas maiores de 55 anos. A acción voluntaria realizarase por parellas, é dicir un mozo/a e un/ha maior. É un programa que busca unha aportación social e comunitaria importante para o territorio.

Ten por obxectivos xerais:

- Poñer en valor as aportacións das persoas voluntarias como recurso fundamental dentro da nosa comunidade.
- Promover accións interxeracionais que fomenten a relación entre distintas xeracións e o intercambio de coñecementos.
- Crear un programa para levar a cabo accións que poñan en valor o Concello de Vedra a nivel patrimonial, cultural e social.

Consta de tres liñas de acción:

- **LIÑA TURÍSTICA. PROXECTO "SON VEDRA"** Dar a coñecer o Concello de Vedra e a súa riqueza a nivel patrimonial, cultural e histórica.
- **LIÑA AGROALIMENTARIA: PROXECTO "AGROVEDRA"** Poñer en valor o saber popular e mantemento das tradicións no sector agroalimentario.
- **LIÑA DE COHESIÓN TECNOLÓXICA E DIXITAL: PROXECTO "VEDREA"**. Fomentar a dixitalización nas persoas maiores.

As persoas voluntarias contarán con: formación, seguro de R.C. e de accidentes, gastos de desprazamento e manutención cubertos, certificación da experiencia...

Para máis información e inscricións:

voluntariado@concellodevedra.gal
981814695/91



CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU



MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE



Servizos Sociais

LUDOTECA MUNICIPAL

■ Chega un novo ano e dende a Ludoteca queremos comezalo cargadiños/as de ilusións. Comezaremos o ano escribindo a carta aos Reis e cun gran xogo en torno á corresponsabilidade.

Ao longo do mes de Xaneiro comezaremos unha nova aventura a través do xogo,

- Para iso, realizaremos diferentes actividades, como localización temporal, xogos espazo-temporais, contacontos, elaboración de alimentos, decoración e moitas cousas máis.
- Festa de fin de ano!! Despide o ano con nós tomando as uvas!!
- Día da Paz. Contacontos e Xogamos en valores, iremos traballando o concepto da paz e os valores a través de varios contos recollidos no libro "Niños de valor".
- Super chef: Como tódolos meses, faremos un taller de cociña para chuparse os dedos! Facemos a nosa rosca de Reis!!!
- Realizaremos un taller de corresponsabilidade

cos nenos e nenas para comezar o ano sendo máis corresponsables!!

- O profesor chifrado traerános de novo un dos seus experimentos tan divertidos!!



XUNTA
DE GALICIA



Concello
de Vedra



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Bingo** Xoves 19 de xaneiro ás 20:00 h.

■ **Circuito termal nas Termas de Outariz**

Mércores 25 de xaneiro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal;

prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 13 de xaneiro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ **ESCOLA DE SAÚDE: CHARLA "CON MOITO GUSTO, A SEXUALIDADE NON TEN IDADE"**

Imparte: Sabela Maceira Mato (Especialista en educación sexual).

Xoves 9 de febreiro ás 20:00 h.

TABOLEIRO DE AXUDAS DOS SERVIZOS SOCIAIS!!

1.- AXUDAS PARA O ESTUDO DO CONCELLO DE VEDRA CURSO ESCOLAR 2022/2023

■ Proximamente sairá publicada a listaxe PROVISORIAL de concesión das axudas nos seguintes lugares:

- No taboleiro de anuncios do Concello de Vedra
- Na páxina web municipal.

En ningún caso se practican notificacións individuais ás persoas interesadas, polo que é importante estar atento ás actualizacións que se fan nos enlaces anteriores.

As persoas interesadas no procedemento disporán dun prazo de 5 días hábiles (excluídos sábados, domingos e festivos), contados a partir do día seguinte á publicación, para formular as alegacións e reclamacións que consideren oportunas presentándoas por escrito na Sede Electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Vedra.

Transcorrido o prazo, a comisión avaliadora valorará as alegacións e reclamacións presentadas, no seu caso, e publicarase a listaxe DEFINITIVA nos lugares arriba indicados. Unha vez publicada a listaxe definitiva comezará a contar o prazo para presentar a documentación xustificativa (facturas de compra e xustificante de titularidade bancaria) **NON se pode presentar esta documentación antes de ese prazo.** Disporase de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da listaxe definitiva para presentar estes documentos na Sede Electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello.

Máis información:

- Bases reguladoras da subvención.
- No departamento de servizos sociais comunitarios: 981 81 46 93.
- Na páxina web do Concello.

Aquelas persoas que desexen presentar documentación a través da Sede Electrónica do Concello deberán dispor de certificado dixital, DNI electrónico ou sistema Cl@ve. Recordade que o Concello de Vedra é Oficina Rexistro Cl@ve, polo que podedes solicitala de xeito presencial nas instalacións municipais previa cita no teléfono 981 81 46 12. Desta forma poderedes presentar solicitudes e documentación as 24 horas do día dende o ordenador persoal ou teléfono móbil e non quedades suxeitos ás horas de atención ao público do consistorio.

Máis información na sede electrónica da web municipal.

2.- PROGRAMA DE AXUDAS AO ALUGUEIRO DE VIVENDA

■ A Xunta de Galicia acaba de publicar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2023 das axudas ao alugueiro do Plan estatal de vivenda 2022/2025. **O prazo para solicitar a axuda comeza o 02 de xaneiro e remata o 05 de maio de 2023.**

A axuda consiste no abono do 50% do importe do aluguer, sempre cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

A axuda concederase anualmente e poderá acadar o prazo máximo de 5 anos, previa solicitude de renovación anual e mantemento dos requisitos que deron lugar a ela.

A persoa arrendadora da vivenda deberá ter coñecemento de que o seu inquilino solicita esta axuda, xa que ten efectos sobre ambos.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Na Sede electrónica da Xunta de Galicia co código de procedemento VI483A.

- Nos rexistros públicos (incluído o do Concello de Vedra).

Máis información:

- Bases reguladoras e convocatoria: Resolución do 29.11.2022 do IGVS (DOG do 14.12.2022).
- Instituto Galego de Vivenda e Solo: 981 54 19 81 e 981 95 75 29.
- Departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra: 981 81 46 93.

3.- PROGRAMA CIDADOS PORTA A PORTA EN VEDRA DO 13 AO 15 DE FEBREIRO

■ No mes de febreiro volve a Vedra o programa “Coidados porta a porta” destinado a persoas maiores de 55 anos.



Servizos



Estimulación da memoria



Podoloxía



Audioloxía

Levamos servizos asistenciais ás persoas maiores no rural para a prevención da dependencia.

Prestamos servizos de podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria.

Percorremos os concellos para que os maiores poidan permanecer coidados na súa contorna.

Información e cita previa

622 748 283

coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal



Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Coidados porta a porta

ESTIMULACIÓN DA MEMORIA

A alta incidencia de deterioro cognitivo en persoas maiores fai aconsellable a valoración cognitiva e a intervención terapéutica como forma de previr e aminorar o proceso.

- Estimulación COGNITIVA
- Estimulación FUNCIONAL
- Prevención da DEPENDENCIA mediante hábitos de vida saudables
- Promoción do ENVELLECIMENTO ACTIVO

PODOLOXÍA

O coidado do pé adquire importancia co paso dos anos. Permite garantir autonomía e previr patoloxías que poidan resultar en complicacións médico-cirúrxicas.

- CONSULTA BÁSICA de podoloxía
- Corte e limpeza de UNLLAS
- Eliminación de DUREZAS, CALOSIDADES e HELOMAS
- Valoración do ESTADO XERAL DO PÉ

AUDIOLOXÍA

O deterioro auditivo pode afectar á integración sensorial e resultar nunha menor socialización. A revisión é importante para a prevención.

- CONSULTA BÁSICA de audioloxía
- EXPLORACIÓN funcional da audición
- PREVENCIÓN da perda auditiva

4.- PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO. TEMPADA 2023

■ Lembrade, os prazos para a presentación das solicitudes son:

- Para as quendas dos meses de febreiro a agosto de 2023: Ata o 9 de xaneiro de 2023.

- Para as quendas dos meses de setembro a decembro de 2023: Ata o 15 de maio de 2023.

As persoas que participaran no programa en anos anteriores recibirán na súa vivenda a carta de acreditación. Se desexan variar algún dato persoal ou preferencia deberán presentar o formulario cuberto dentro dos prazos indicados.

Para facer as inscricións no departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra róga-se solicitar cita previa no teléfono 981 81 46 93.

Máis información:

- Resolución do 21.11.2022 do IMSERSO, publicada no BOE do 29.11.2022.
- Teléfono IMSERSO: 912 667 713.
- Páxina web do imsero.

5.- APERTURA DE NOVO PRAZO PARA DARSE DE ALTA NO PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO (TEMPADA 2023)

■ O novo prazo de presentación de solicitudes para participar no programa de TURISMO do IMSERSO para a tempada de 2023 comeza o 13 de decembro de 2022.

As persoas que xa estaban acreditadas ou se deran de alta no mes de xullo NON teñen que volver a presentar ningunha solicitude. Esta convocatoria extraordinaria é só para aqueles que non estean dados de alta con anterioridade.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Na Sede electrónica do IMSERSO.
- Nos rexistros administrativos (incluído o do Concello de Vedra).
- Por correo postal, enviando a solicitude á seguinte dirección: PROGRAMA DE TURISMO DEL IMSERSO, APARTADO DE CORREOS 10.140, 28080 MADRID.

As persoas interesadas que desexen tramitar a súa alta no Departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra deberán solicitar cita previa no seguinte teléfono 981 81 46 93.

Máis información:

- Teléfono: 912 667 713.
- Páxina web do IMSERSO: <https://imsero.es/web/imsero>.
- No departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra (981 81 46 93).



VEDRA MEDRA NO 2022

■ O proxecto **Vedra medra** fai balance deste 2022 visibilizando, resumidas, todas as actuacións levadas a cabo:

1. O ENTROIDO

- Obradoiro “Escola de xenerais e correos” (previo aos atranques).

Contou con 14 participantes de distintos niveis educativos e desenvolveuse entre o 21 de xaneiro e o 21 de febreiro. Colaborou o Concello de Vedra a través da Concellaría de Cultura, Xuventude e Voluntariado.

- **Organización do entroido no centro** (atranques de xenerais e correos, intervención de 8 parellas):

- **Continuidade da Tradición do burro de entroido.**

2. O DÍA DE ROSALÍA e a EXALTACIÓN DA CAMELIA

Tendo en conta a proximidade destas dúas datas trátámolas conxuntamente. A actuación programouse baixo a cabeceira “**Camelias para Rosalía** (no centro) e tivo unha proxección fóra deste ao participar na Festa da Exaltación da camelia (XXVI Xornada organizada polo Concello de Vedra na parroquia de Sta. Cruz de Ribadulla). Actividades realizadas:

1. Rolda de lecturas rosalianas (gravacións).
2. Elaboración dun mural colectivo (para expoñer na Festa).
3. Plantación de camelias conmemorativas no xardín do centro.

3. O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022 EN HONRA DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

1. Fóra das aulas:

- a. “Árbores para Florencio” no pazo de Sta. Cruz de Ribadulla:
- b. Participación no VIII Concurso de creación “Serán das Letras” organizado pola Asociación Cultural San Campio da parroquia vedresa de San Miguel de Sarandón. Poesía, relato e debuxo con referencia ás “Romarías e festas tradicionais”.

2. No centro. **Máis letras para Florencio** e outras realizadas ao longo do mes de maio:

4. A PUBLICACIÓN DUN NOVO LIBRO, OBRA DUN ESCRITOR VEDRÉS

Nesta ocasión, o xornalista vedrés Henrique Neira presentou *O libro falador* ante o alumnado de 2.º de EP. Este volume foi finalista na XIX edición do premio Frei Martín Sarmiento na categoría (1.º-2.º de EP).

5. UN OBRADOIRO DE RADIO

Entre o 4 e o 11 de outubro desenvolveuse un taller



no que o alumnado de 3.º da ESO foi protagonista activo, desde a preprogramación ata a gravación dos podcast. Este chegou ao centro baixo o amparo do concello de Vedra e da man de dous comunicadores e fotógrafos de Lume Cultura, Camila Pérez Senande e Tomás Dies Papagno. Nados en Bos Aires e residentes en Santiago, fixeron posible que as dúas liñas de traballo de *O Camiño tamén dá xogo!* -a Vía da Prata e os xogos tradicionais e populares- se materializasen en dúas pezas divulgativas. Os podcast están incorporados xa no Facebook **Vedra medra**.

6. A INSTALACIÓN INTERACTIVA VÍA DA PRATA

A rapazada do noso centro puido completar coa instalación interactiva de forma virtual a peregrinación polo treito galego da **Vía da Prata** desde **A Mezquita** ata Santiago. Esta instalación **permaneceu no CPI do 6 ao 12 de outubro** cun obxectivo, dar a coñecer o catálogo patrimonial da Vía da Prata dunha forma lúdica. **O elemento central é un xogo de habilidade en que o/a rapaz/a debe**, coa axuda de dúas cordas, manipular a un peregrino de madeira e lograr que traslade unha pelota desde A Canda ata Compostela, completando o trazado da Vía da Prata. Compléméntase cunha sorte de paneis en que se revisan algún puntos de interese máis destacados do Camiño, desde o triángulo máxico do Entroido ourensán, o mosteiro de Oseira ou O Pico Sacro. A iniciativa forma parte do programa da Xunta “**O Teu Xacobeo**”.

7. A PARTICIPACIÓN NO PASABODEGHAS 2022

Estivemos presentes no Espazo Activo da Ulla-Pasabodeghas representados polas súas mascotas, TOPO, NIMO e NIMIA, saídos das habilidosas mans da nosa compañeira Iolanda Neira, que converteu en mural os nosos tres dragonciños. Tamén estiveron expostas alí algunhas fotos do noso paso por esta parroquia de San Miguel de Sarandón nestes últimos sete anos: a visita á bodega e museo de Esperanza Lema, o traballo de “Bótame un capio” co mestre Antonio, a participación na concorrida Festa do Viño, nas cantarelas de Nadal ou no Serán das Letras.

8. O DÍA DE SAN MARTIÑO CUNHA MAÑÁ DE XOGOS POPULARES E MAGOSTO

Coincidindo co 11 de novembro, fixemos o magosto no centro e convocamos a toda a rapazada a xogar. Tratábase da primeira actuación conxunta d' **O Camiño tamén dá xogo!** na que os xogos e os xogadores foron os protagonistas. Deunos moito gusto poder contar no 'terreo de xogo' cos avós e avoas que viñeron compartir unha mañá de lecer con nós. A permanencia e a continuidade dos xogos populares dependen de que se dea unha transmisión interxeracional efectiva. É por iso que desde **Vedra medra** propiciamos desde o comezo do proxecto a interrelación entre maiores e rapaces tendo presente o gran valor educativo que nela se agocha. Acompañáronnos nesta cita 'xogantina': Ana Dacosta, Elvira Gestoso, Gerardo Albela, José Torres, Manuel Vilas, Luis Neira e Pilar González e a empresa SororAs.

9. O DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO MUNDIAL

Outro ano máis (e xa van 8!!), festexamos o DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO MUNDIAL no CPI de Vedra. Cómpre recordar que neste día se conmemora o 50.º aniversario da Convención do patrimonio mundial, cultural e natural asinada en París un 16 de novembro de 1972. Grazas vedreses por estar á

nosa beira nesta andaina tan emocionante e chea de aprendizaxes patrimoniais.

10. AS CANTARELIÑAS EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN

Con ocasión da celebración das festas de Nadal e Reis quixemos revivir co noso alumnado a tradición das cantarelas na parroquia vedresa de San Miguel de Sarandón. Alí acudimos ao convite da Asociación Cultural San Campio coa rapazada de 1.º de educación primaria e as súas mestras Marta, Vanesa e Sol. A xornada transcorreu, coa compañía dos veciños que nos recibiron nas súas casas e co mestre Antonio e os seus alumnos/as do CRA de Boqueixón-Vedra, que nos sorprenderon entre cantos de Nadal e *Reices*, *charrascos* e requintas e visitas. Rematou a mañá cun convite a chocolate con rosca, que soubo a gloria.

11. ...CONTINUAMOS ABRINDO VÍAS DE DIVULGACIÓN PARA O PROXECTO

Este curso contamos cunha nova canle de difusión, a revista dixital do centro *Fiadeiro*. Lembrade que tamén estamos cada mes en todas as casas de Vedra a través deste *Boletín Informativo Municipal con carácter mensual* e puntualmente actualizamos os nosos contidos nas redes Vedra Medra | Facebook **SEGUÍDENOS!!!**

Muller

PROGRAMA "MULLERES +"

■ Este ano MULLERES+ continúa, trátase un programa de atención integral ás mulleres no noso concello **"MULLERES +" Programa da promoción de apoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.**

• Coñecementos básicos no uso das TIC.

As participantes adquiriran coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

• Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

• Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de

participación nas redes sociais (facebook, twitter, instagram, pinterest, etc.). Autoprotección nas redes sociais.

- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogues).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.

O Departamento de Igualdade do Concello quere a través do Programa Mulleres+, ter un recurso propio para mellorar a autonomía e autocoidado das mulleres de Vedra. Desenvólvese a través de accións formativas grupais e individuais, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que van destinada ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas

que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral. **O CURSO É GRATUITO**

Para máis información:

- carmen.sabio@concellodevedra.gal
- telf. 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 h.



CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDADE

Iniciativas das Asociacións

VII MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA O DOMINGO 5 DE FEBREIRO DE 2023

■ LEMBRA... O CDM Vértice, coa colaboración do Concello de Vedra, organiza unha nova edición da Maratón por Mmmtaña A Camelia, con catro modalidades:

- Maratón: 42 km / 1900 m+.
- Maratón por relevos: 21 km + 21 km.
- Trail: 14 km / 370 m+.
- Andaina: 14 km.

A maratón é unha proba esixente que percorre paraxes cheas de historia, lendas e patrimonio: a ribeira do Ulla e os seus afluentes o Pereiro e o Pontillón (coas súas fervezas), os misterios do Pico Sacro e a súas vistas espectaculares, as lendas do Gundián e as veigas

e montes de Vedra. A maratón pode ser realizada por relevos en parella: o primeiro relevo cobre a primeira metade do percorrido e o segundo completa a proba. O trail é unha proba adecuada para todo tipo de deportistas. É unha carreira rápida, que a través de camiños de monte conduce aos participantes ata o río Pereiro: alí agarda a auga e o barro que garanten diversión.

A andaina comparte percorrido co trail. Ofrece unha oportunidade única de gozar da natureza e do patrimonio de Vedra: camiños entre carballos, as sendas á beira do río Pereiro e lugares icónicos como a ferveza da Serra, a capela



Colaboran:



de Santa Isabel e a ponte de Bazar.

INSCRÍBETE EN <https://clubvertice.es/a-camelia/>

Parabéns

A MANUEL CUTRÍN

■ Polo novo galardón recibido na 29ª edición da Gala Porc d'Ór 2022, na que se reuniron en Toledo preto de 800 profesionais do sector, entre gandeiros, veterinarios, representantes das administracións

públicas, asociacións, universitarios e empresas. A prata acadada pola explotación de Manuel Cutrín na categoría de "Tasa de Partos" reconece a súa excelencia dentro do sector porcino español.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!